

12

# INSCRIPCIÓN NAS ACTIVIDADES

**PLAN ANUAL** DE FORMACIÓN DO PROFESORADO  
2015/2016



## 12.1 INSCRIPCIÓN NAS ACTIVIDADES

**Para participar** en calquera das actividades de formación permanente do profesorado que se desenvolvan no curso académico 2015-2016, anteriormente referidas, o profesorado debe realizar a inscrición mediante o Sistema de Xestión da Formación do Profesorado (fprofe), ao que se accede, a través de Internet, no portal educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no enderezo web:

<http://www.edu.xunta.es/fprofe/>

A partir desta páxina, calquera persoa pode realizar dúas xestións:

«Consulta pública do plan de formación» para consultas anónimas de todas as actividades formativas ofertadas nos Plans Anuais de Formación.

«Entrada no sistema/autenticación» como acceso privado e particularizado para acceder á inscrición nas actividades dos Plans Anuais de Formación, consultar a súa situación persoal nas actividades que ten solicitadas, así como outras tarefas de xestión.

Diante de calquera dificultade ou problema de acceso, así como para calquera aclaración ou dúbida, o profesorado debe dirixirse á Unidade de Atención a Centros da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, chamando ao número 881 99 77 01, ou mediante un correo electrónico corporativo no enderezo [uac@edu.xunta.es](mailto:uac@edu.xunta.es)

As datas xerais de inscrición nas actividades son as seguintes:

- Actividades do 1º trimestre: 18/09/2015
- Actividades do 2º trimestre: 18/12/2015
- Actividades do 3º trimestre: 20/02/2016

**Recoméndase verificar posibles modificacións para actividades concretas en Fprofe.**

